

# TFE 2023

MIGUEL GUILLERMO SAEZ SOTELO  
COMPOSICIÓN



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO  
SUPERIOR DE MÚSICA  
DA CORUÑA

**RECITAL:** 31 de maio

20:00 *El vuelo de la gaviota* para orquesta no Auditorio Andrés Gaos

**EXPOSICIÓN E DEFENSA:** 31 de maio ás 12:45 na Aula de Cámara

## **MIGUEL GUILLERMO SAEZ SOTELO**

Titulado en piano polo Conservatorio Superior de Música da Coruña, ao longo da súa carreira como pianista recibiu clase de mestres nacionais e internacionais de primeiro nivel. En paralelo aos seus estudos, durante toda a súa vida participou en coros, como corista e como pianista acompañante. A súa experiencia nesta faceta levouno a participar nos festivais Ourencanto, dirixidos por Josu Elberdin. Recibiu clases de dirección de diversos mestres, entre os que destacan Julio Domínguez, Fernando Briones, Michael Thomas, Nuria Fernandez Herranz ou Javier Busto. Actualmente é profesor de piano no Conservatorio de Música de Verín e recentemente foi admitido para continuar os seus estudos en Berklee College of Music (Boston).

## **NOTAS AO PROGRAMA**

### ***El vuelo de la gaviota***

*El vuelo de la gaviota* narra unha historia sobre o Aviador Piñeiro, primeiro aviador civil español, que a comezos do século XX realizou espectáculos acrobáticos co seu biplano a través de toda a xeografía galega e incluso en Arxentina e Cuba, onde en 1914 realizou o primeiro voo invertido da historia. A historia que se narra trata dun destes voos; desde a súa chegada á praia unha fría mañá ata o seu aterraxe, pasando por momentos íntimos previos ao despegue, o propio despegue, instantes de perigo durante o voo, a incerteza do público presente na praia, e finalmente a chegada triunfal e o reencontro coa súa familia tras aterrizar.